



**INTERVENCIÓN DA PRESIDENTA DO
PARLAMENTO DE GALICIA NA INAUGURACIÓN
DA EXPOSICIÓN *AQUELES PRIMEIROS ANOS*
(1981-1989) NO FORUM METROPOLITANO DE A
CORUÑA**

Fórum Metropolitano

6 de novembro de 2012// 20.00h

Alcalde,

Presidente da Deputación Provincial,

Membros da Mesa da Deputación Permanente,

Presidente do TSXG e Fiscal Superior de Galicia,

Deputados,

Autoridades,

Señoras e señores,



“Aqueles primeiros anos (1981-1989)”, a exposición retrospectiva que ocupou un lugar moi destacado na celebración do trixésimo aniversario do Parlamento de Galicia en 2011, chega hoxe á Coruña finalizando así coa andaina que iniciamos o pasado mes de abril no Senado, e que levou a exposición polas catro provincias galegas, da man das Deputacións Provincias.

E hoxe na Coruña, quero, ademáis de agradecer ao Presidente da Deputación a súa colaboración para poder traer a exposición á cidade, agradecer moi especialmente ao seu Alcalde a cesión deste magnífico espazo no Fórum Metropolitano para montar a exposición e poder acercar aos coruñeses unha parte tan importante e intensa da historia de Galicia e da nosa autonomía.



Pero a mostra que lles presentamos quere ser tamén un acto de homenaxe en recordo das deputadas e dos deputados das dúas primeiras lexislaturas do Parlamento de Galicia, que nos deixaron o listón moi alto, co seu traballo arreo naqueles difíciles comezos da nosa primeira institución pública.

Quero recordar que o primeiro Parlamento de Galicia constituíuse en Santiago de Compostela o 19 de decembro de 1981 no pazo de Xelmírez. Seis meses despois, pasou ao pazo de Fonseca, onde permaneceu ata 1989, cando xa estreou a sede actual no pazo do Hórreo.

A Cámara galega converteuse desde a súa constitución primeira no eixe central da nosa vida política. Se calquera Parlamento ten que ser, en cada momento, un nítido reflexo de todo o que preocupa e acontece no seu ámbito territorial, as deputadas e os deputados daquel tempo cumpriron sobradamente coa súa obriga histórica.



Alí foi onde se fraguaron os grandes consensos que permitiron a aprobación das leis básicas emanadas do noso Estatuto de autonomía de 1981. Unhas leis esenciais que lle permitiron á nosa Comunidade ir medrando pouco a pouco no seu autogoberno, na súa autoestima e tamén no seu benestar, malia todas as dificultades do momento presente.

Por iso, hoxe mais que nunca cremos oportuno recordar aqueles primeiros anos do noso Parlamento que estaban practicamente esquecidos, que son case descoñecidos para as novas xeracións, pero que resultaron tan decisivos no noso devir. E por iso, tamén, pensamos que a celebración do trixésimo aniversario era un momento ideal para rescatar e poñer en valor os feitos e as vivencias máis salientables das dúas primeiras lexislaturas.



É permítanme personalizar estes bos sentimentos nas persoas do primeiro presidente do Parlamento de Galicia, Antonio Rosón Pérez, quen morreu coas botas postas naqueles anos, e do primeiro presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor, que aínda temos a sorte de ter con nós.

Uns bos sentimentos que fago extensivos, naturalmente, a todos aqueles deputados pioneiros. E de xeito moi especial ás catro primeiras mulleres da Cámara galega: Emma González Bermello, María do Carmen Lovelle Alén, Rosa Gómez Limia e Flora Veiga Aldariz, esta última xa finada. *(Todas elas ocupan un lugar destacado nestas 15 figuras que eliximos dalgún dos deputados/as máis significativos)*. Seguro que non poderían nin imaxinar



que as mulleres acadaramos a maioría na Cámara, tal e como aconteceu nesta VIII Lexislatura.

Señoras e señores: Somos conscientes das especiais dificultades do momento presente. E precisamente por iso, especialmente desde as institucións, estamos obrigados cos nosos predecesores a ofrecer o mellor de nós para, desde o esforzo compartido e a concordia, articular solucións viables aos problemas plantexados.

Os cidadáns reclaman solucións e boa parte delas poden e deben articularse desde o Parlamento, como escenario acaído para a discusión serena e o intercambio de pareceres na procura dos acordos que a sociedade nos esixe cada día.

Por iso, non me cansarei de reivindicar a importancia da nosa democracia parlamentaria e do Parlamento de Galicia, en particular, que ofrece



espazo e oportunidades de debate para todos, sen máis limitacións que o respecto ás normas que garanten a nosa convivencia.

Remato xa, quero expresar, unha vez máis o meu agradecemento a todas aquelas persoas que dun ou doutro xeito contribuíron a que esta mostra tomase finalmente a forma debida.

Querido alcalde, querido presidente da Deputación, de novo moitas grazas pola cálida acollida desta mostra. E moitas grazas a todos vostedes que nos acompañan coa súa presenza neste acto.

Esperamos e desexamos que lles guste a exposición que pretende, como dixen, que todos recordemos unha parte tan importante e a miúdo esquecida da nosa historia recente. Por iso, convíddolles a recorrela connosco ao final deste acto.

Moitas grazas.



Nº paneis: 14 (28 caras)

Nº figuras: 15

Vídeos: 2